

“Calada veste máis bonita”,
un día me dixeron,
entón veño denunciar
o que algunhas non puideron.

“Non é non”,
vergonza é que non o entendas,
entendes con tanta facilidade “sí”,
pero cando é o contrario enfadas?

“A que non ensina, non vende”
A miña vestimenta non inflúe no meu traballo,
o meu talento non está no que visto ou no que
non,
non me fai falta nada pra demostrar o que vallo.

Recordo sempre:
“Que o amor non nos mate”
porque nunca deixarei
que un golpe seco me cale.

“As mulleres son o sexo débil”
Non somos débiles como a porcelana.
Somos valentes, fortes e loitadoras,
nunca nos rendimos por nada.

“Somos o grito das que non están”.
Somos a voz que denunciará a túa morte.
Non somos unha ou dúas,
somos tantas que a nosa voz é moi forte.

Gritáronme:
“Muller tiñas que ser”.
Si, con moito orgullo sono,
con moito orgullo son muller.

Porque non só hoxe, 25 de novembro,
nos queremos vivas,
porque contra a violencia de xénero
estamos tódolos días.

Carlota Alcalde Lorenzo
4º ESO B
25 NOVIEMBRE 2021